

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...



Lembrando a
PACO CACHARRO

EGERIA ➔



Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

O Proxecto: Pescudando lembranzas

Cando a presidencia provincial do P.P. de Lugo lle encomendou a Egeria desenvolver o proxecto dunha xusta e necesaria lembranza de Paco Cacharro aos dez anos do seu pasamento, considerouse que debíamos utilizar todos os recursos ao noso alcance para programar unha acción transmedia –libro, vídeo, web e exposición– para conformar unha lembranza real, efectiva. O libro, medio máis usual nas homenaxes, foi a primeira das ferramentas labradas, e de aí saíu información gráfica e literaria para nutrir as outras manifestacións.



Partíamos dunha valiosa entrevista realizada pola xornalista Tonina Gay a Paco Cacharro (outubro de 1994), dentro da experiencia inicial de Televisión Lugo, mais outras gravacións de TV e radio. A este material unimos unha longa conversa coa viúva, fillos e neto maior de Paco, e as achegas de máis de medio cento de persoas colaboradoras, amigas ou vinculadas ao seu labor, e todo ese material envorcouse na web, podendo accederse a el a través dos códigos QR que se publican no libro e nesta exposición.



Entrevista de Tonina Gay a Paco Cacharro
en Televisión Lugo

Recollidos na web lembrandoapacocacharro.org os froitos desta acción, o resultado final vén ser especialmente virtual, coa facilidade que a Rede dá para o acceso ilimitado no tempo e o espazo a todos os contidos, coa especial significación de manter o soporte tradicional do libro, e mesmo desta exposición que conta cun catálogo que reproduce os doce paneis da mostra, coa filosofía de que quen a contemple “leve consigo a exposición para a casa”.

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

De quen falamos cando dicimos “Paco Cacharro”?

Foi un lucense nacido en Guarromán (Jaén), de pai castelán e nai galega, no trágico 1936. Seu pai, Francisco Cacharro, mestre, sufriu os avatares da contenda incivil, foi detido, condenado, pero salvou a vida. Súa nai, Fulgencia Pardo, quedou soa cos tres fillos, sobrevivindo durante dous anos e medio ata que o pai puido volver á casa.

Paco foi neno na Fonsagrada, onde o seu pai sostiña a familia dando clases particulares rodeado da simpatía de todo o pobo.

Soubo Paco que a vida era loita, e fixose loitador, corredor de fondo, e coa axuda do pai, e en solitario despois –con esforzados traballos polo medio–, fixose mestre, inspector, inspector xefe... E entrado en política coa forza dun furacán, foi concelleiro de Lugo, senador, o primeiro conselleiro de Educación da nacente Xunta de Galicia e, por fin, presidente da Deputación de Lugo durante case un cuarto de século.



Francisco
Cacharro
Pérez



Paco
Cacharro,
mozo



Cacharro
Pardo,
visto por
Isidro Alvariño



Saudando á S.M. El Rey, na súa primeira visita a Lugo

Xa que a sede da Deputación está na Praza de S. Marcos, durante moito tempo comentouse que os lucenses rexíámonos polo “Evanxeo segundo San Marcos”, e aínda o pasado outubro en El Progreso mencionouse o Palacio Francisco Cacharro para referirse ao Pazo provincial de Lugo.

Morreu hai dez anos. Campeador, segue gañando batallas contra o esquecemento, e cando percorremos a cidade –a Universidade, o Rato, a contorna verde...– e a provincia –Ribeira Sacra, rede de estradas, cinto perimetral...– temos a certeza de que sempre soubo que estaba conformando un Lugo moito mellor para os lucenses de hoxe e do futuro.

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

De que falamos cando lembramos a Paco Cacharro?

Falamos de temas heteroxéneos e sensibles: CAMIÑO DE SANTIAGO, CAMPUS, REDE DE ESTRADAS e VÍA PERIMETRAL, RESERVA DA BIOSFERA, CENTRAD, o RATO, o MIÑO, a RIBEIRA SACRA...



No **Camión de Santiago**: Apoio a Elías Valiña, o rescador da memoria do Camión, e a Deputación instalou a primeira sinalización do Camión Francés.



Cando era inspector de Educación tiña no seu despacho un mapa de **estradas da provincia**, no que ademais das existentes, trazaba as que consideraba necesarias. Desde a Deputación, fixo realidade aquel mapa ideal.



A unha vintena de km. da capital trazou e executou a **vía perimetral**, que abriu novas posibilidades de comunicación aos concellos de Begonte, Friol, Guntín, Corgo, Castroverde, Pol, Castro de Rei, Cospeito, Lugo, Páramo e Outeiro de Rei.

Consciente da necesaria interrelación entre a cidade e os ríos que a rodean, humanizou as ribeiras e trazou rutas, e hoxe os **Paseos do Rato e do Miño** acollen a vida máis activa dos lucenses.



Arredor do 39% do territorio lucense está declarado **Reserva da Biosfera**, demarcada polo Río Miño e os seus afluentes. A protección conseguida apoia á flora e á fauna, á singularidade e á natureza.



O **Centro de Artesanía e Deseño** e o **Taller de Instrumentos Musicais** teñen deparado a Lugo un lugar de honra en Europa polo seu labor e o especial apoio á artesanía provincial.

O **Campus** e a **Ribeira Sacra** precisan mención á parte.

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

Teima polo Campus

Ninguén como quen tivo que esforzarse para estudar con todas as dificultades do mundo para saber o valor da formación e da cultura, e a necesidade de formar mozas e mozos para un futuro mellor.



Discurso de Cacharro na inauguración de Veterinaria
Achega de Esti Nogueira

Como mestre soubo das dificultades do ensino rural. Como inspector foi irmán para os mestres, loitador polas concentracións escolares e pola mellora de centros. Como primeiro conselleiro, logrou con éxito as transferencias do Estado á Autonomía e conseguiu a primeira cota de profesores de galego. Como presidente da Deputación Provincial, recolleu anteriores esforzos e impulsou titulacións, construíu centros, apostou moi forte, e grazas a el e aos gobernos provinciais que presidiu, en sintonía coas institucións e co sentir xeral dos lucenses, conseguiu que nacesse e medrase un Campus universitario en Lugo, que hoxe está considerado peza angular do presente e do futuro da capital e da provincia.



Isto é un esbozo, un enunciado e un exemplo. Quen queira pescudar na riqueza do noso ensino universitario, da transcendencia da formación que se imparte, e do nivel de excelencia alcanzado co conseguinte prestixio a nivel europeo, pode entrar no código QR que reproducimos, e atopará as razóns que fan que consideremos ao Campus de Lugo como exemplo de formación, especialmente en todo o que ten rel



USC. CAMPUS DE LUGO

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

A Ribeira Sacra

Juan Carlos Armesto Quiroga, alcalde de O Saviñao, afirma que todo empezou en 1993, cando Paco Cacharro convenceu a Manuel Baltar de asinar un convenio de colaboración entre ámbalas dúas institucións provinciais, para promover conxuntamente o norte da provincia de Ourense e o sur da provincia de Lugo co nome de A Ribeira Sacra. Un territorio que tiña e ten como especiais sinais de identidade a arte románica dos seus mosteiros e igrexas, e o preciado produto dunha viticultura heroica... singulares terras regadas por augas que conforman o mar interior de Galicia.



Paco Cacharro sorprendeunos a todos cando mercou e trasladou aos embalses do interior da provincia os catamaráns que prestaran servizo en 1992 na Expo de Sevilla. E primeiro os lucenses, e despois os visitantes, comezamos a admirar os acantilados, e sacar os ríos que refrearon a súa carreira cos embalses monumentais produtores de enerxía.



Inauguración do catamarán do Canón do Sil (11/07/1996)
Foto: Nacho Gómez, La Voz de Galicia




Con Fraga e Aznar, no catamarán do Canón do Sil
(20/07/2001)



Tres presidentes na Ribeira Sacra
(20/07/2001)

E o viño da Ribeira Sacra foi collendo sona e mercados, e a comarca espertou ao turismo, e apareceron dúas de casas rurais e casas monumento, e a Ribeira Sacra comezou a estar nos programas das axencias de viaxe, e escribíronse libros, e as cámaras recollían imaxes que parecían imposibles... E a Ribeira Sacra beneficiouse da querenza pola natureza de Paco Cacharro e da súa paixón por navegar.

Só falta a declaración de Patrimonio de Humanidade para poder concluír que tamén Cacharro foi un visionario das posibilidades inmensas dunha terra difícil, fermosa, que proclama, acolle e espalla vida.



Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

Como o viamos os lucenses?

Paco Cacharro confesaba que “eu asombroume ás veces de que me mezelen en cuestións nas que non tiven nada que ver, non falei delas, e ao mellor nin sequera estaba informado”.



Paco Cacharro, co mar ao fondo



Con Juan, o seu neto maior

O mito ía por diante do político, e todos lle supoñíamos un poder case ilimitado, non só por poder mover a provincia en base a un substancial orzamento, senón pola astucia que se lle recoñecía, o coñecemento absoluto da provincia, o seu dominio das situacións por autoridade persoal, a súa seguridade nas formulacións e a súa capacidade de convicción.

Pero moitos lucenses víamos nel ao político, e menos á persoa. Como se fose un político inmerso nun mundo especial que non permitía –ou obrigáballe a distanciarse– o contacto directo, cal se fose obxecto dun culto á autoridade, ao poder.



A familia Cacharro-González

Con esta inmersión na memoria, na lembranza de Cacharro, falamos con amigos, colaboradores, políticos e non políticos. E, sobre todo, coa familia máis directa, que se abriu a nós, que nos falou de Paco Cacharro, que nos sorprendeu e nos obrigou a profundar no home que se fixo a si mesmo, que gobernou unha provincia que necesitaba conciencia do seu lugar no mundo, que experimentou un progreso do que só agora temos conciencia plena.

Pode que a “vox populi” non tivese outra forma de reflectir as súas iniciativas, o seu empuje, a súa visión dos problemas provinciais, que coidar que estaba en todo o que se movía na provincia de Lugo. O certo é que tocou todos os paus, nada lucense lle foi alleo, e agora é cando temos cabal conciencia de como revolucionou Lugo.

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

Os Cacharro-Gosende

Paco Cacharro descubriu a **Maricarmen Gosende** nun “asalto-baile” do Círculo das Artes. Ela tiña 16 anos. Casaron once anos despois, cando o mozo se fixo mestre, cumpriu co Servizo Militar, tiña escola e se fixo inspector.



Co primeiro fillo



Paco, Juan, e o primeiro neto, Juan

Dez anos despois do seu pasamento, xuntámonos coa viúva, os seus tres fillos e o neto maior, Juan, para comprobar a presenza vital de Paco en cada un dos membros da familia.

A lembranza de Paco fai que as hágoas asomen aos ollos de Carmen mencionando os seus costumes, a vida familiar, a preocupación pola formación dos fillos, a ilusión polos netos... Todos os días alguén na casa menciona ao pai, as querenzas, o traballo e o lecer, o mar, a navegación, os amigos...

O maior dos fillos, **Paco**, coma seu pai, home de goberno e de leis; **Carmen**, a filla, bancaria como foi seu pai, racional, metódica, firme; o máis novo, **Juan**, inqueda por natureza, artista, contraste arrebatado cos seus irmáns. E **Juan, neto**, avogado, que desfrutou do seu avó -e o avó con el- durante os seus primeiros quince anos.



Carmen, co neto maior, na actualidade

Ver e escoitar á familia unida, cun evidente vínculo común que quizais a morte contribuíu a reforzar, é un exemplo perfecto de como é posible axuntar esforzos públicos e persoais, e poder desfrutar dun núcleo familiar vivo despois de case corenta anos de vida pública, e dez anos de ausencia física.

Os **Cacharro-Gosende** son un exemplo de memoria, de consciencia, de devoción por quen o foi -é- todo nas súas vidas.

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

Cacharro visto por Álvarez

Grazas a **Álvex**, **fotoxornalista** xa histórico da prensa lucense, obtivemos a imaxe de Paco Cacharro arredor da que se foi arremuiñando toda a información, as lembranzas, a pescuda, a colleita...



Todos tivemos a oportunidade de estar nas estancias máis nobres do Pazo Provincial, e apreciaríamos ou non que as cadeiras teñen na parte superior unha coroa que representa a dignidade da institución. Pero os fotógrafos, Señores da Luz, teñen a capacidade de captar os detalles máis singulares... E Álvarez, non lembra cando, tivo o acerto de captar a Paco Cacharro convertido en testa coroadada.

Nesta acción de lembranza cualificamos a Paco Cacharro como “humano, incógnito, líder...”, sabendo que coa foto de Álvarez se suxería -a imaxinación é libre- moito máis que calquera título que puidesemos elixir.




Con Fraga e Arcadio Silveira en Radio Lugo



Constitución do Parlamento Galego

O resto das fotos, históricas, oportunas, xiran como con reverencia arredor do señorío do (humano, incógnito, líder...) autor dun evanxeo aínda sen codificar, que algúns cualifican de apócrifo.



Doando sangue



Exercendo o dereito ao voto




Concelleiro en Lugo (1995)

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

Cacharro e Siro

Siro López Lorenzo, Siro o Grande, cedunos para esta lembranza un conxunto de visións de Cacharro, que por si soas son unha homenaxe inmensa, e evidencian o impacto que o noso persoeiro causou no creador.



Cada caricatura, obra de arte irrepertible, é un editorial, unha bafarada de aire limpo que nos invade, honrada e respectuosa como unha foto improvisada...

O Cacharro exultante por unha vitoria de corredor de fondo estoupá diante dos nosos ollos... Varias das outras escenas son antecedentes ou consecuentes. Siro sempre trata ben a figura de Cacharro, fágao aparecer como un galo irredutible, como pianista que marca o ritmo, ou como observador calado que todo o ve.



Siro é un clásico de noso. Cacharro, desde o alén, non poderá deixar de sorrir diante destas imaxes que, coma a lembranza de Paco, son inmortes.

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

O Explorador

...se tivese que dar unha definición de meu pai, diría que foi un explorador: un home de acción, ansioso por percorrer camiños, en terra ou mar, que nos levasen a descubrir a beleza dunha paisaxe ou o misterio duns restos que nos interrogaban dende o pasado. Tal vez por azar (“se non tivese entrado en política na Transición” – comentoume unha vez- “quizais xa non o tivese feito nunca”) adentrouse nos escuros camiños da política.




...percorríamos a enredada estrada que sobe á Curota, nunha especie de ritual anual que levaba a meu pai, cada verán, a subir polo menos unha vez ao miradoiro do cumio, dende o que, case sempre á hora do solpor, ía identificando cada montaña, cada cabo, cada illa e cada enxame de luces que revelaba unha poboación á beira do mar...

...naqueles veráns da miña infancia, daba renda solta a esa afección por explorar que ás veces nos levaba a pasar tardes enteiras dando voltas co coche, preguntando aos veciños ou consultando mapas de estradas, na procura das ruínas dunha capela ou dos restos dunha ponte medieval...

...lembro o seu empeño por mercar unha lancha de recreo e dedicarse a navegar. Ignoro de onde lle veu esa paixón, se xurdiu alí en Ribeira ou se era un vello soño da súa infancia...

...cando se aventurou no labirinto da política, fixoo sen soltar nunca o fío de Ariadna que miña nai sostivo en todo momento nos longos anos que durou aquela travesía. Cando abandonou a vida política, aquel fío –que nunca lle permitira extraviarse– había guiálo de volta á casa.

Francisco Cacharro Gosende



Paco Cacharro visto polo seu fillo Juan



Francisco Cacharro Gosende

Lembrando a PACO CACHARRO

HUMANO, INCÓGNITO, LÍDER...

Epitafios



Luís Latorre Real: Houbo unha época na que parecía que a única diferenza entre Francisco Cacharro e Deus era que ao segundo non o podías parar pola rúa, nin lle facían fotos nas roldas de prensa.



Manuela López Besteiro: Firme e tenaz nas súas ideas ata o extremo. Razoar con el significaba preparar ben os temas, achegar datos e razóns, e debater ata a extenuación.



Carlos Herrero Latorre: Intelixente e agudo, con gran capacidade de análise, era moi bo conversador, tiña unha gran capacidade para a ironía e un fino sentido do humor.



Mero Iglesias Dobarrío: Antes de entrar na aula establecía un coloquio, difícil e non usual, inaudito naqueles tempos. Falabamos temas que noutras aulas serían imposibles. E temos cantado xuntos cancións galegas clásicas con grande sentimento.



Miguel Cabana: Era o home singular que camiñaba por diante do seu tempo, o deseñador do proxecto provincial do que moitos aínda viven. O visionario de intelixencia natural e adquirida nas escoitas, nas lecturas, nas viaxes, na reflexión...



Luís Pérez: Firme, tenaz, perseverante, gobernou con man de ferro en luva de seda. E o seu papel en Madrid era máis o de embaixador plenipotenciario de Lugo na capital do Reino que de estrito membro da Cámara Alta.



Alfredo Sánchez Carro: Sen desmerecer a ningún, moitos din que foi o mellor “alcalde” de Lugo.



Alejandro Fernández Pumariño: Chegou a xerar na conciencia social do seu tempo a consideración de que estaba detrás de canto se movía na provincia de Lugo.



Julio Padilla Carballada: Home cabal, fiel, de palabra, comprometido, amigo seguro.



José María López Bourio: Foi un visionario cos pés na terra. Dez anos despois, bótaseche en falla, Paco.